

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

AS/cb

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Vista a petición da UNIVERSIDADE DE VIGO, con domicilio social en Campus Universitario As Lagoas – Marcosende – Edificio Reitoría, do concello de Vigo (36310) e CIF: Q-8650002-B, solicitando axuda económica para os gastos de presentación da “**I CÁTEDRA INTERNACIONAL JOSÉ SARAMAGO**” e o informe favorable de Intervención sobre existencia de consignación suficiente, **RESOLVÍN**, aprobar o gasto de **TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €)** para o obxecto citado, con cargo á aplicación orzamentaria 16/330.3260.453.90 – R.C. núm. 201600160519 que se achegarán á **UNIVERSIDADE DE VIGO**, unha vez se xustifique a subvención concedida con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, orixinais ou fotocopias cotexadas, que reúnan os requisitos legais esixidos por R.d. 1496/03, de 28 de novembro, sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 5.260,00 € e realizados no desenvolvemento da actividade, tal como se establece no art. 30 da Lei 38/03, xeral de subvencións. Xunto coa xustificación deberán achegar unha memoria da actividade que se realizou e acreditar a difusión do seu financiamento pola Deputación.-----

A subvención concedida deberá xustificarse no prazo de tres meses e en todo caso antes do 31/03/2017.-----

Así mesmo deberá remitir unha fotocopia desta resolución e os impresos que se achegan debidamente cumprimentados.-----

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.---

Pontevedra, 20 de outubro de 2016

O SECRETARIO

Por delegación o Xefe do Servizo de Cultura e Lingua  
segundo R.P. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016

CULTURA